

NORMAS DE CONVIVENCIA

1

CIFP Manuel Antonio

Índice.

1. Introducción.....	4
1.1. Obxetivos.....	4
1.2. Marco legal.....	4
2. Dereitos e deberes do alumnado.....	5
2.1. Dereitos.....	5
2.2. Deberes.....	7
3. Normas de conduta a seguir no centro.....	10
3.1 Sobre o recinto escolar.....	10
3.2 Sobre a puntualidade.....	10
3.3 Normas básicas de comportamento.....	10
3.4 Normas de comportamento na aula.....	11
3.5 Sobre a ausencia do profesorado.....	12
3.6 Sobre as Actividades Complementarias á Formación.....	12
3.7 Sobre o servizo de cafetería.....	12
3.8 Sobre os instrumentos de información, publicidade e suxestións.....	13
3.9 Sobre a hixiene e habitabilidade.....	13
4. Condutas contrarias a convivencia.....	15
4.1 Responsabilidade e reparación de danos.....	15
4.2 Clases de condutas contrarias á convivencia.....	15
4.3 Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.....	15
4.4 Condutas leves contrarias á convivencia.....	17
4.5 Prescrición das condutas contrarias á convivencia.....	17

5. Medidas correctoras das condutas contrarias a convivencia.....	18
5.1 Principios xerais das medidas correctoras.....	18
5.2 Programas e actuacións complementarias ás medidas correctoras.....	18
5.3 Procedementos conciliados de resolución dos conflitos.....	19
5.4 Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.....	19
5.5 Medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia.....	20
5.6 Graduación das medidas correctoras.....	21
5.7 Prescripción das medidas correctoras.....	21
5.8 Procedemento para a imposición de medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.....	21
5.9 Procedemento para a imposición de medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.....	23
6.0 Responsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores.....	23
6. Prevención e tratamento das situación de acoso escolar.....	24
6.1 Principios xerais.....	24
6.2 Protección Integral das vítimas.....	24
6.3 Medidas para a prevención, detección e tratamento das situación de acoso escolar.....	24

1. INTRODUCCIÓN

1.1 OBXETIVOS

As normas de organización, funcionamento e integración do noso centro están deseñadas para garantir o respecto entre tódolos membros da comunidade educativa, así como favorecer e potenciar un ambiente educativo axeitado para acadar un óptimo aproveitamento dos recursos ao alcance do noso alumnado.

1.2 MARCO LEGAL

O marco lexislativo no que se basean as normas de convivencia, está reflectido nas seguintes normativas legais vixentes:

- **LEI 4/2011, do 30 de xuño**, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- **DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro**, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
 - Artigo 20. As normas de convivencia, logo da súa aprobación, serán de obrigado cumprimento para toda a comunidade educativa e estarán recollidas no Plan de Convivencia do centro.
- **Lei 42/2010 de 30 decembro**, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, o subministro, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco.

2. Dereitos e deberes do alumnado

2.1 DEREITOS

2.1.1 A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.

2.1.2 O exercicio dos dereitos do alumnado implicará o recoñecemento e respecto dos dereitos de todos os membros da comunidade educativa.

2.1.3 Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.

2.1.4 Á liberdade de expresión sen prexuízo dos dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o respecto que merecen as institucións de acordo cos principios e dereitos constitucionais.

2.1.5 Á igualdade de oportunidades mediante a non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, así como por diminución físicas, sensoriais e psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

2.1.6 Á igualdade de oportunidades de acceso aos distintos niveis de ensino.

2.1.7 A que se respecte a súa liberdade de conciencia, conviccións relixiosas, ideolóxicas, a súa integridade física e moral e a súa dignidade persoal.

2.1.8 A manifestar a súa discrepancia respecto das decisións educativas que lles afecten. Cando a discrepancia revista carácter colectivo, a mesma será canalizada a través dos Delegados de cada Grupo, cumprindo o PROTOCOLO DE INASISTENCIA A CLASE, POR PARTICIPACIÓN EN MANIFESTACIÓN OU CONCENTRACIÓN dentro ou fora do centro educativo.

2.1.9 A que o seu rendemento escolar sexa avaliado con plena obxectividade e transparencia, conforme o establecido na normativa vixente. O profesorado dará a coñecer ao alumnado a información relativa á programación de cada módulo profesional, con especial referencia aos mínimos esixibles para acadar unha avaliación positiva, así como os criterios de avaliación que serán aplicados.

2.1.10 Reclamar contra as cualificacións finais ordinarias e extraordinarias. O alumnado ou os pais ou tutores/as legais do alumnado menor de idade, poderán reclamar as decisións e cualificacións que, como resultado do proceso de avaliación, se adopten ao rematar o curso. A Administración educativa establecerá o procedemento para a formalización e tramitación das reclamacións contra das cualificacións e decisións que como consecuencia do proceso de avaliación se adopten ao fin do curso ou ciclo.

2.1.11 A que a súa actividade académica se desenvolva nas debidas condicións de seguridade e hixiene.

2.1.12 Á confidencialidade do Centro sobre toda aquela información que posúa acerca de circunstancias persoais e familiares do alumnado. No entanto, os Centros comunicarán á autoridade competente as circunstancias que poidan significar malos tratos para o alumnado ou calquera outro incumprimento dos deberes establecidos polas leis de protección de menores.

2.1.13 A participar activamente, tanto no proceso educativo, cando sexa consultado pola Administración educativa, como na toma de decisións en materia de convivencia, fundamentalmente na elaboración das normas de convivencia e resolución pacífica de conflitos.

2.1.14 A recibir unha formación equilibrada nas dúas linguas oficiais da nosa comunidade, garantíndose que o alumnado coñeza o vocabulario específico en galego e castelán.

2.2 DEBERES

2.2.1 Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.

2.2.2 Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.

2.2.3 Aproveitar positivamente o posto escolar que a sociedade pon á súa disposición, mostrando interese pola aprendizaxe e asistindo a clase diariamente e con puntualidade.

2.2.4 Asistir a clase co material necesario e seguir con atención e respecto as explicacións do profesorado, sen interromper o normal desenvolvemento das mesmas, respectando o dereito ao estudo dos seus compañeiros/as e participando de forma activa e responsable nas actividades propostas polo profesorado.

2.2.5 Colaborar no mantemento dun ambiente de traballo adecuado no centro, poñendo especial coidado nos seguintes aspectos:

- Realizar os cambios de aula con rapidez e o máis silenciosamente posible.
- Dar un bo uso ás instalacións, material, moblaxe e equipos do centro.
- Manter una relación cordial e respectuosa con todos os membros da comunidade educativa (compañeiros/as, profesorado, persoal de secretaría, conserxes, persoal de limpeza e de mantemento).

2.2.6 Servir de canle para a comunicación entre o centro e as familias ou representantes legais, facéndolles chegar sen demora as comunicacións que o centro lles entregue e viceversa.

2.2.7 Entregar ao profesorado e titor as xustificacións das faltas de asistencia e puntualidade, nun prazo non superior aos 5 días dende a reincorporación a clase, así como calquera outra documentación en relación coa súa actividade académica.

2.2.8 Asistir aos exames e probas nas datas propostas. As faltas de comparecencia a exames e probas deben ser xustificadas documentalmente e só en casos excepcionais de forza maior poderase solicitar a realización por parte do profesorado dunha proba alternativa. A data de repetición desa proba será fixada polo profesorado de acordo cos criterios pedagóxicos e marcha da programación que considere adecuados e que será común para todo o alumnado.

2.2.9 Permanecer na aula cando o/a profesor/a falte; pasados 5-10 minuto o/a delegado/a ou o/a subdelegado/a, ou calquera alumno/a en ausencia destes, acudirán a Sala de Profesores para notificar ao Profesorado de Garda a ausencia do/a profesor/a. No seu defecto, informar á Xefatura de Estudos ou outro cargo directivo ou conserxería.

2.2.10 Cumprir e respectar os horarios aprobados para o desenvolvemento das actividades do Centro.

2.2.11 Conservar e facer bo uso dos espazos, mantendo sempre o Centro limpo.

2.2.12 Respectar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.

2.2.13 Non discriminar a ningún membro da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, ideoloxía ou calquera outra circunstancia persoal ou social.

2.2.14 Respectar o proxecto educativo e o carácter propio do Centro, de acordo coa lexislación vixente.

2.2.15 Participar na vida e funcionamento do Centro.

2.2.16 Os/as alumnos/as menores de idade entregaran aos/ás seus pais/nais ou titores/as legais os boletíns de notas e terán que ser devoltos o/a titor/a correspondente no prazo fixado.

2.2.17 Comunicar rapidamente o/a titor/a ou membro do equipo directivo calquera desarranxo do que tiveran constancia.

2.2.18 Participar e intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia do centro.

2.2.19 Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.

2.2.20 Empregar a parte do aparcadoiro adicada ao alumnado nas prazas sinalizadas para elo, respectando aqueles espazos asignados ao persoal do centro, e non obstaculizando a entrada e saída de vehículos.

2.2.21 Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.

2.2.22 Cumprir a normativa vixente relativa ós centro educativos, facendo fincapé na prohibición da venda e consumo de: tabaco, bebidas alcohólicas ou calquera outro tipo de sustancias ilegais ou drogas. A prohibición esténdese a todo o recinto do Centro Educativo incluíndo patio, xardín, e pavillón.

O incumprimento destes deberes, implicará a toma de medidas disciplinarias, co apercibimento correspondente, e no caso de reincidencia no incumprimento da normativa procederáse a apertura inmediata de expediente disciplinario.

3. NORMAS DE CONDUCTA A SEGUIR NO CENTRO

3.1 SOBRE O RECINTO ESCOLAR

3.1.1 O recinto do Centro está reservado aos membros da Comunidade Educativa e todas aquelas persoas ou empresas que participen nas actividades e funcionamento do centro. Por tanto, non se permitirá a entrada o persoas alleas á mesma, se non é con autorización.

3.1.2 As zonas de aparcamento: unha está reservada para o profesorado e o persoal non docente do Centro. Outra para alumnado e visitas. Queda prohibido aparcarse fóra das zonas habilitadas para cada colectivo.

3.1.3 O alumnado menor de idade só poderá abandonar o Centro durante a xornada escolar, ben acompañados dos seus pais e/ou nais ou das persoas nas que estes deleguen, ou previa autorización por escrito dos seus pais e/ou nais ou tutores/as legais. O incumprimento desta norma será de exclusiva responsabilidade do alumnado, dos seus pais e nais ou tutores/as legais.

10

3.2 SOBRE A PUNTUALIDADE

3.2.1 Todos os membros da comunidade educativa serán puntuais para aproveitar o tempo efectivo das clases e outras obrigas. O alumnado que chegue tarde incorporárase ao grupo cando o determine o profesor, quedando consignado o atraso no parte de faltas.

3.3 NORMAS BÁSICAS DE COMPORTAMENTO

3.3.1 Débese respectar a todas as persoas que integran a nosa comunidade educativa, independentemente das súas conviccións relixiosas, ideolóxicas, non atentando contra a integridade física, moral ou dignidade persoal de ningún membro da comunidade.

3.3.2 O alumnado non poderá utilizar os teléfonos móbiles ou dispositivos electrónicos como mecanismos de comunicación durante os períodos lectivos. Excepcionalmente, o profesor poderá autorizar a súa utilización como ferramenta pedagóxica.

3.3.3 Deberase permanecer sempre na aula coa indumentaria axeitada ás actividades que se realicen.

3.3.4 Subliñar que para un adecuado desenvolvemento das clases, e co fin de evitar molestias, débense desconectar os teléfonos móbiles antes de entrar na aula.

3.3.5 Deberase manter, en todo momento, a debida atención, corrección e respecto.

3.3.6 Débese observar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.

3.3.7 Quedan prohibidos os xogos de azar en todo o centro, salvo con fins didácticos.

3.3.8 Quedan terminantemente prohibidos no Centro a venda e consumo de tabaco e de bebidas alcohólicas, ou consumir drogas en todas as súas dependencias cubertas ou non, segundo a lexislación vixente.

3.3.9 Non está permitido fumar no centro. A prohibición esténdese a todo o recinto do Centro, incluíndo patio, xardín, e pavillón.

3.3.10 O incumprimento dalgún dos apartados implicarán a toma de medidas disciplinarias, coa correspondente apertura inmediata de expediente disciplinario.

3.4 NORMAS DE COMPORTAMENTO NA AULA

3.4.1 Intentar sentirse a gusto nas clases creando un bo ambiente de traballo.

3.4.2 Non se debe coartar a iniciativa dos compañeiros e tense que respectalos.

3.4.3 Potenciar o máximo o respecto mutuo e o aproveitamento dos recursos didácticos. Cando un/unha alumno/a perturbe gravemente a convivencia e o desenvolvemento da docencia, cubrirase un parte de incidencias de aula e comunicarse a Xefatura de Estudos; en situación extremas mandarase ó alumno/a Xefatura de Estudos.

3.4.4 Non comer durante as clases.

3.4.5 O alumnado non poderá utilizar os teléfonos móbiles ou dispositivos electrónicos como mecanismos de comunicación durante os períodos lectivos. Excepcionalmente, o profesor poderá autorizar a súa utilización como ferramenta pedagóxica.

3.4.6 Non se pode baixar á cafetería entre clase e clase, agás casos excepcionais.

3.4.7 Deixar a aula ordenada, as luces e os ordenadores apagados ao abandonar o aula.

3.4.8 Durante os recreos, o alumnado so permanecerá nas aulas cando sexa estritamente necesario e sempre coa presenza do profesor.

3.5 SOBRE A AUSENCIA DO PROFESORADO

3.5.1 O alumnado esperará na súa aula ata que chegue o profesorado de garda, se pasados dez minutos non chega o profesorado de garda, o/a delegado/a, subdelegado/a ou calquera alumno/a en ausencia destes, deberán buscar ao profesorado de garda que se atopará na Sala do Profesorado. En ausencia do profesorado de garda, porase en contacto cos bedeis e/ou xefatura de estudos.

3.6 SOBRE AS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS Á FORMACIÓN

3.6.1 Nas actividades complementarias á formación (ACF) programadas polo Centro, o alumnado deberá cumprir e acatar as decisións que tome o profesorado acompañante tanto en horario como en comportamento. A asistencia ás ACF requirirá o consentimento expreso dos pais e/ou nais ou titores/as legais, para alumnos menores de idade, mediante unha autorización asinada por estes. Ningún alumno/a poderá asistir a estas actividades, nin desenvolverse estas se non se cumpre este requisito.

3.7 SOBRE O SERVIZO DE CAFETARÍA

3.7.1 O centro dispon de dúas cafeterías. A cafetería do Centro abre de 8 a 20 horas. A cafetería do CRD (Centro Residencial Docente) abre de 8 a 20.30 horas, en horario continuo.

3.8 SOBRE OS INSTRUMENTOS DE INFORMACIÓN, PUBLICIDADE E SUXESTIÓNS

3.7.1 O vestíbulo do centro dispón de taboleiros para a exposición pública de información. Calquera membro da comunidade educativa así como outros organismos ou persoas poderán utilizar eses espazos para colocar información sobre distintas actividades, sen ánimo de lucro, sempre co previo coñecemento e autorización de calquera membro do Equipo Directivo.

3.7.2 No edificio principal existe taboleiros específicos para cada un dos departamentos reflectidos no organigrama do mesmo, coa finalidade de proporcionar información puntual e actualizada dos mesmos. Parte desa información tamén se pode atopar na web do centro.

3.7.3 Empregaranse os taboleiros informativos como canle de comunicación para probas extraordinarias, datas exames finais ou de PD, etc.

3.7.4 Na sala de profesores/as tamén existen taboleiros que conteñen a seguinte información: cadros horarios do profesorado, grupos, gardas, información da Xefatura de Estudos, taboleiro sindical e profesional (cursos, seminarios...) e taboleiro para convocatorias de diferentes órganos e reunións.

3.7.5 Ao carón de conserxería existe un BUZON SQ para que o alumnado amose as súas inquiredanzas, suxestións, etc.

3.7.6 Empregarase o correo electrónico para remitir comunicacións ou información específica de cada alumno/a.

3.7.8 A información xeral do centro estará a disposición de todo o alumnado na web do mesmo: www.edu.xunta.es/centros/cifpmanuelantonio.

13

3.9 SOBRE A HIXIENE E HABITABILIDADE

3.9.1 É necesario e imprescindible que todos usemos as papeleiras para manter limpas as diversas dependencias do Centro.

3.9.2 Por respecto a quen os vai empregar despois, debemos conservar, aulas, taboleiros de anuncios e cadros, mesas, cadeiras, taquillas e demais moblaxe no mesmo estado no que se atopaban a principios de curso. O alumnado responsabilizarase da súa limpeza e conservación.

3.9.3 Os lavabos e servizos hixiénicos e sanitarios deben ser usados exclusivamente e de xeito racional para o fin para o que están pensados. Polo tanto no deben considerarse como lugar de recreo, nin zona de fumadores.

3.9.4 Por respecto ao noso entorno medioambiental non se botará polas fiestras ningún obxecto ao exterior. Do mesmo xeito debemos respectar o céspede e o xardín.

3.9.5 Por respecto aos demais membros da Comunidade Educativa deberase manter a debida hixiene corporal.

4. CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

4.1 RESPONSABILIDADE E REPARACIÓN DE DANOS

4.1.1 O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e aos materiais do centro docente, incluídos os equipos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non fora posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.

4.1.2 Cando se incorra en condutas tipificadas como agresión física ou moral, difamacións, insultos ou faltas de respecto, a calquera membro da comunidade educativa. Deberase reparar o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos e de acordo co que, de ser o caso, determine a resolución que imponha a corrección da conducta.

4.1.3 O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecido neste artigo é compatible coas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan.

15

4.2 CLASES DE CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

4.2.1 As condutas contrarias á convivencia nos centros docentes clasifícanse en **condutas gravemente prexudiciais para a convivencia** e **condutas leves contrarias á convivencia**.

4.2.2 Cando calquera membro da comunidade educativa entenda que os feitos poden ser constitutivos de delito ou falta, deberá comunicarllo á dirección do centro educativo para a súa remisión á Administración educativa e ao Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas cautelares oportunas.

4.3 CONDUCTAS GRAVEMENTE PREJUDICIAIS PARA Á CONVIVENCIA

4.3.1 As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa ou contra o centro.

4.3.2 Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

4.3.3 Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.

4.3.4 A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou información que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa, sin previa autorización por parte destes.

4.3.5 As actuacións que constitúan acoso escolar, consonte o establecido polo artigo 28 da LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

4.3.6 A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.

4.3.7 Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais, maquinaria e instrumentos do centro docente, incluídos os equipos informáticos, o software e as posibilidades da rede INTERNET, documentos do Centro ou nos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.

4.3.8 Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.

4.3.9 As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde, tanto física como psíquica e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.

4.3.10 Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, considerarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos a que se refire este artigo.

4.3.11 A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.

4.3.12 O incumprimento das sancións impostas.

4.4 CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

4.4.1 As condutas tipificadas no apartado 4.3, que non alcancen a gravidade requirida ou cando non constitúan condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro educativo.

4.4.2 As faltas reiteradas de puntualidade as actividades lectivas, que constitúan a impuntualidade non xustificada a cinco sesións lectivas.

4.4.3 A falta de puntualidade ou a non asistencia inxustificada as Actividades Complementarias á Formación.

4.4.4 A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.

4.4.5 O incumprimento das Normas de Convivencia do Centro.

4.5 PRESCRIPCIÓN DAS CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

4.5.1 As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves ao mes.

4.5.2 O prazo de prescripción comezará a contarse desde o día en que a conduta se leve acabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso no que o prazo de prescripción non se empezará a computar mentres aquela non cese.

5. MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

5.1 PRINCIPIOS XERAIS DAS MEDIDAS CORRECTORAS

5.1.1 As correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia, terán un carácter educativo e recuperador, garantirán o respecto dos dereitos do resto do alumnado e procurarán a mellora da convivencia no centro docente.

5.1.2 En todo caso, na corrección das condutas contrarias á convivencia aplicaranse os seguintes principios:

- Ningún alumno/a poderá ser privado do exercicio do seu dereito a educación. Para estes efectos, non se entenderá como privación do dereito á educación a imposición das correccións previstas nestas normas que supoñen a suspensión da asistencia ás clases ou o cambio de centro.
- Non se poderán impoñer correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.
- A imposición das correccións previstas respectará a proporcionalidade coa conduta do alumnado e deberá contribuír á mellora do seu proceso educativo.

18

5.1.3 Terase en conta a idade do alumnado e as demais circunstancias persoais, familiares e sociais. Para estes efectos, poderase solicitar os informes que se consideren necesarios sobre as mencionadas circunstancias e recomendar, de ser o caso, ás nais e pais ou ás titoras ou titores ou ás autoridades públicas competentes a adopción das medidas necesarias.

5.2 PROGRAMAS E ACTUACIÓNS COMPLEMENTARIAS ÁS MEDIDAS CORRECTORAS

5.2.1 O departamento de orientación elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro educativo. Así mesmo, elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais para aquel

alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras, se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro.

5.2.2 Estes programas aplicaranse en colaboración co profesorado titor e, de ser o caso, cos servizos sociais, e procurarán implicar o resto do profesorado e as familias para lograr, conxuntamente, o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.

5.3 PROCEDIMENTOS CONCILIADOS DE RESOLUCIÓN DOS CONFLICTOS

5.3.1 A participación do alumnado ou dos seus representantes legais terá carácter voluntario, e esixirá o compromiso de cumprimento das accións reparadoras.

5.3.2 A opción pola conciliación suspende o inicio do procedemento disciplinario de corrección da conduta, que se retomará no caso de que a conciliación sexa infrutuosa. O cumprimento das accións reparadoras dará lugar a finalización do procedemento de corrección da conduta contraria á norma de convivencia.

5.3.3 No procedemento, formalizado por escrito, incluírase a intervención dunha persoa instrutora e dunha persoa mediadora.

5.3.4 O procedemento formalizado será o que determine o centro.

5.4 MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA

5.4.1 Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.

5.4.2 Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.

5.4.3 Cambio de grupo.

5.4.4 Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

5.4.5 Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

5.4.6 Cambio de centro.

5.5 MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

5.5.1 Amoestación privada ou por escrito.

5.5.2 Comparecencia inmediata ante a xefatura de estudos.

5.5.3 Realización de traballos específicos en horario lectivo.

5.5.4 Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.

5.5.5 Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.

5.5.6 Cambio de grupo por un período de ata unha semana.

5.5.7 Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

5.5.8 Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

5.6 GRADUACIÓN DAS MEDIDAS CORRECTORAS

5.6.1 O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, se é o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos nos termos previstos no apartado 4.1.

5.6.2 A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.

5.6.3 A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, das súas imaxes ou da ofensa.

5.6.4 A natureza dos prexuízos causados.

5.6.5 O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, si se trata dun alumno ou alumna, por razón da súa idade, de recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia.

5.7 PRESCRIPCIÓN DAS MEDIDAS CORRECTORAS

5.7.1 As medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón. As medidas correctoras das conductas leves contrarias á convivencia prescriben aos catro meses da súa imposición.

5.8 PROCEDEMENTO PARA A IMPOSICIÓN DE MEDIDAS CORRECTORAS DE CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA

5.8.1 As medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia só se poden impoñer logo da tramitación do procedemento disciplinario.

5.8.2 Corresponde acordar a incoación do procedemento á persoa titular da dirección do centro docente, por propia iniciativa, por petición motivada do profesorado ou da titora ou titor da alumna ou alumno ou da persoa que ocupe a Xefatura de Estudos.

5.8.3 A incoación do procedemento notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade, con indicación da conduta que o motiva, as correccións que poden corresponder e o nome da profesora ou profesor que actuará como persoa instrutora. Así mesmo, comunicarase á inspección educativa.

5.8.4 No propio acordo de incoación ou en calquera momento da tramitación do procedemento, a persoa titular da dirección do centro pode adoptar motivadamente, por iniciativa propia ou por instancia do instrutor, como medidas provisionais o cambio temporal de grupo da alumna ou alumno ou a suspensión do dereito de asistencia ao centro ou a determinadas clases ou actividades, por un período non superior a cinco días lectivos. A adopción de medidas provisionais notificaranse á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade.

5.8.5 Finalizada a instrución do procedemento, a persoa instrutora formulará proposta de resolución e dará audiencia á alumna ou alumno e, se é menor de idade, á nai ou pai ou á titora ou titor, convocándoos a unha comparecencia en horario lectivo na que poderán acceder a todo o actuado e da cal se estenderá acta. No caso de incomparecencia inxustificada, o trámite de audiencia terase por realizado para todos os efectos legais, sen prexuízodo previsto no apartado 5.10.

5.8.6 Realizado o trámite de audiencia, a persoa titular da dirección do centro ditará resolución motivada que se pronunciará sobre a conduta da alumna ou alumno e impoñerá, se é o caso, a correspondente corrección, así como a obriga de reparar os danos producidos nos termos previstos no apartado 4.1.

5.8.7 A resolución notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade, nun prazo máximo de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento, e comunicarase á inspección educativa.

5.8.8 A resolución da dirección do centro pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva. Contra a resolución da persoa titular da dirección do centro cabe instar a revisión ante o Consello Social no prazo de dez días lectivos.

5.9 PROCEDEMENTO PARA A IMPOSICIÓN DE MEDIDAS CORRECTORAS DE CONDUTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

5.9.1 O profesorado e/ou o titor da alumna ou alumno, oído este e dando conta á xefatura de estudos, no caso das medidas previstas nos artigos 1), 2), 3) e 4) do apartado 5.5.

5.9.2 Xefatura de Estudos, ou a persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nos artigos 1), 3), 4), 5) e 6) do apartado 5.5.

5.9.3 A persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nos artigos 7) e 8) do apartado 5.5.

5.9.4 A imposición destas medidas correctoras comunicárase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como ao Observatorio da Convivencia Escolar.

5.9.5 As resolucións que impoñen as medidas correctoras poñen fin á vía administrativa e son inmediatamente executivas.

23

5.10 RESPONSABILIDADE DAS NAIS E PAÍS OU DAS TITORAS OU TITORES

5.10.1 As audiencias e comparencias das nais e pais ou das titoras ou titores do alumnado menor de idade nos procedementos disciplinarios regulados nesta sección son obrigatorias para eles, e a súa desatención reiterada e inxustificada será comunicada ás autoridades competentes para os efectos da súa posible consideración como incumprimento dos deberes inherentes á patria potestade ou á tutela.

6. PREVENCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR

6.1 ACOSO ESCOLAR

6.1.1 Considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nuncarelación que xurda no ámbito escolar.

6.2 PROTECCIÓN INTEGRAL DAS VÍTIMAS

6.2.1 A dirección do centro docente, adoptarán as medidas precisas para garantir ao alumnado vítima de situacións de acoso escolar a protección integral da súa integridade e dignidade persoais e do seu dereito á educación, debendo primar sempre o interese da vítima sobre calquera outra consideración no tratamento destas situacións.

6.2.2 A protección da vítima garantírase mediante medidas cautelares que impidan a ameaza, o control ou o contacto entre vítima e causantes da situación de acoso. Arbitraranse medidas para o seguimento dos causantes da situación de acoso que impidan a continuación de eventuais condutas acosadoras.

6.3 MEDIDAS PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR.

6.3.1 O plan de convivencia do centro docente incluírá un protocolo, para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar, que incorporará, como mínimo, as seguintes previsións:

- Realización de campañas de sensibilización do profesorado, das nais e pais ou das titoras ou titores e do alumnado contra o acoso escolar, que axuden a previlo e preparen a todos os membros da comunidade educativa para detectalo e reaccionar fronte a el.
- Establecemento de canles específicas que faciliten a exteriorización polas vítimas das situacións de acoso escolar.
- Determinación das medidas que se deben adoptar no caso de detección dunha situación de acoso escolar para poñerlle fin a esta, sen prexuízo das correccións disciplinarias que correspondan. En todo caso, preverase a designación pola dirección do centro dunha persoa responsable da atención á vítima entre o persoal do propio centro docente, procurando que sexa unha persoa coa que a vítima garde unha relación de confianza ou proximidade.
- Nos supostos menos graves de situación de acoso, favorecemento da mediación realizada por alumnado do centro educativo que obtivese formación e cualificación para a intervención nestas situacións.

6.3.2 Cando por razón das circunstancias ou da gravidade da situación de acoso se faga preciso, poderase prever a intervención de persoas mediadoras alleas ao persoal do centro, que serán designadas pola Administración educativa.

6.3.3 As situacións de acoso escolar que se detecten serán comunicadas á inspección educativa, xunto coas medidas que se adopten para poñer fin a elas.

6.3.4 No caso de condutas de especial gravidade, informarase da situación e das medidas aos servizos sociais do correspondente concello, aos servizos especializados do departamento competente en materia de benestar e, se é o caso, á Fiscalía de Menores para facilitar as medidas que lles corresponda adoptar nos seus respectivos ámbitos competenciais.

6.3.5 O departamento competente en materia educativa, en coordinación cos restantes departamentos da Xunta de Galicia, poñerá en marcha campañas de información e sensibilización para incentivar a cultura da paz e previr o acoso escolar. Igualmente a Xunta de Galicia velará para que nos medios de comunicación de Galicia se ofrezca un tratamento axeitado das noticias sobre acoso escolar.